

B U E U**ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada con data 2 de Xuño de 2.010 ADOPTOU O ACORDO DE PRESTAR APROBACIÓN INICIAL Ó REGULAMENTO DO SERVIZO DE TANATORIO MUNICIPAL DE BUEU.

Por canto no período de exposición pública non se presentaron alegacións enténdese elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

O Texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en execución do disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DO SERVICIO DE TANATORIO MUNICIPAL DE BUEU.***CAPITULO I
DISPOSICIONS XERAIS.***

Artículo 1.—O Tanatorio municipal é unha instalación de titularidade municipal, destinada a prestar o servicio funerario de depósito e vela de cadáveres que é propio tanto no suposto de que a posterior inhumación se faga nos cemiterios de Bueu, como se a mesma ten lugar noutro termo municipal. A prestación do servicio se fará en dous modalidades:

1. Alquiler das salas, cunha tarifa por 24 horas e sala arrendada.

2. Servicio funerario completo: xestión administrativa, traslado, arca fúnebre, sudario, tanatopraxia, coche funebre, cámara frigorífica, flores, esquelas, tanatorio, prego de sinaturas.

Artículo 2.—O inmoble e instalacions afectadas a dito servicio teñen a consideración de ben de dominio público, afecto a un servicio público.

Artículo 3.—A explotación de dito servicio se realizará a través de xestión indirecta, modalidade de concesión, con arreglo ao establecido na lexislación de Réxime Local e lexislación sobre contratación administrativa.

Artículo 4.—O servicio público de Tanatorio ten por obxecto fundamental facilitar aos familiares e achegados dos difuntos unhas condicions dignas para o depósito e vela dos cadáveres ata o momento de su inhumación, nas debidas condicions hixiénico-sanitarias.

Artículo 5.—As dependencias do servicio, según consta no proxecto básico existente no expediente, son as seguintes:

PLANTA BAIXA

- Hall de 37,85 m².
- Ascensor de 2,90 m².
- Instalacions de 2,85 m².
- Vestíbulo de 10,85 m².
- Recepción de 7,90 m².
- Cafetería de 65,34 m².
- Aseo de 15,85 m².
- Sala de Espera de 6,15 m².
- Vestiario de 7,65 m².
- Tanatopraxia de 25,92 m².
- Cámara Frigorífica de 3,53 m².

- Garaje de 28,80 m².
- Montacargas de 11,20 m².
- Vestíbulo (uso interno) de 12,10 m².

PLANTA ALTA

- Vestíbulo de 26,85 m².
- Ascensor de 2,90 m².
- Instalacións de 2,85 m².
- Estar de 46,60 m².
- Antesala I de 13,75 m².
- Sala I de 17,90 m².
- Túmulo I de 10,45 m².
- Aseo I de 7,10 m².
- Antesala II de 28,70 m².
- Sala II de 17,45 m².
- Túmulo II de 10,45 m².
- Aseo II de 6,40 m².
- Antesala III de 13,75 m².
- Sala III de 17,85 m².
- Túmulo III de 10,54 m².
- Aseo III de 7,30 m².
- Corredor de 11,65 m².
- Aseo IV de 31,40 m².
- Uso Interno de 33,70 m².
- Sala de 11,80 m².
- Montacargas de 10,10 m².

Ademáis de ditas instalacions, o tanatorio conta na Planta baixa cun Porche, un patio cuberto e outro descuberto e na planta Alta cun patio descuberto.

CAPITULO II DA XESTIÓN DO SERVICIO. OBLIGACIONES DO ADXUDICATARIO.

Artículo 6.—O servicio de Tanatorio municipal é un servicio público de titularidade municipal que se xestionará de forma indirecta mediante a modalidade de concesión.

Artículo 7.—O concesionario do servicio, asumirá a xestión de servicio con arreglo ao que se determina no presente Regulamento e no contrato administrativo durante o prazo estipulado. Deberá conservar en perfecto estado as instalacións, realizando pola sua conta as reparacións que foran necesarias e devolveras ao rematar o contrato no mesmo estado na que as recibeu.

Artículo 8.—Será da sua responsabilidade coidar do bo orden do servicio para o cal poderá dictar as instruccions que considere necesarias.

Artículo 9.—O Tanatorio deberá permanecer aberto e en servicio desde o momento en que sexa requerido o depósito do cadáver e ata que teña lugar su inhumación ou traslado a outro municipio. En particular, o servicio específico de “vela de cadáveres” se prestará ordinariamente en horario

comprendido entre as 8'00 horas e as 0'00 horas; non obstante, a petición dos familiares do difunto, dito servicio podrá prolongarse a partir das 0'00 horas ata as 8'00 horas do día seguinte (durante toda a noite), previo o pago das tarifas correspondentes.

Artículo 10.—Será obligatorio o uso del Tanatorio sempre que así veña disposto polas autoridades sanitarias ou veña establecido en disposiciones legais.

Artículo 11.—Pola prestación do servicio que ten encomendado, a empresa adxudicataria percibirá dos usuarios as tarifas que resulten de aplicación en cada momento.

Artículo 12.—Queda prohibido todo trato discriminatorio na prestación do servicio.

Artículo 13.-Toda modificación nas condicions de prestación do servicio deberán ser comunicadas e autorizadas previamente polo Concello de Bueu.

Así mesmo será necesaria a previa licencia municipal para a execución de calquera obra nas instalacions municipais, que quedarán en propiedade do Concello.

Artículo 14.—A empresa adxudicataria será responsable de cantos accidentes ou danos se produzan dentro das instalacions xa sexa ás persoas ou as cousas. Para responder dos mesmos deberá contar e estar ao corrente do pago da prima de seguro de responsabilidade civil.

Artículo 15.—As tarifas a cargo do usuario por utilización dp servizio de Tanatorio serán cobradas directamente pola empresa adxudicataria do servizio.

As tarifas vixentes en cada momento deberán ser previamente autorizadas polo Concello e estarán expostas ao público en lugar visible do edificio. Serán en todo caso gratuitos os servicios demandados polo Concello a favor de persoas acollidas á beneficencia ou asistencia social pola sua carencia de recursos e aqueles outros que resulten necesarios para facer frente a situacions de emergencia, accidentes ou órdenes de autoridades sanitarias ou xudiciais.

Artículo 16- Queda prohibida a utilización das instalaciones para outros fines distintos aos do servizio público a que están afectadas.

Artículo 17.—O concesionario deberá dispor de Follas de Reclamacion a disposición dos usuarios, debendo anunciarlo mediante carteis visibles ao público.

Artículo 18.—El adjudicatario deberá llevar un Libro Registro de Servicios, a disposición del Ayuntamiento, en los que se anoten todos los prestados, hora de inicio y fin del servicio y fecha, e identificación del difunto y del solicitante del servicio.

Artículo 19.—Os locais, enseres e material de servizio se someterán periódicamente a desinfección.

CAPITULO III DO PERSOAL DO SERVICIO.

Artículo 20.—A plantilla de persoal para prestación do servizio de explotación das instalacions será determinada polo concesionario de modo que cubra todas as necesidades do servizo. En todo caso se garantizará a prestación do servizio todos os días do ano e en todas as horas nas que fose requerido. Se prestará especial celo no mantemento en óptimas condicions de limpeza e hixiene de todas as dependencias. O persoal será contratado pola entidade concesionaria do servizio e dependerá no seu réxime xurídico laboral exclusivamente daquela, sen que o Concello de Bueu asuma por esta causa outras obligacions que as que deriven da lexislación vixente.

Artículo 21.—En todo caso o adxudicatario designará a un Responsable do Servicio que asumirá a autoridade do mesmo e estará asistido de todas as facultades precisas para o bo funcionamento do servizio.

Artículo 22.—O adxudicatario xestionará por si ou por medio de persoal por él contratado o servizio sen que en ningún caso poida ser obxecto de cesión ou subcontratación, salvo prestacions accesorias ao contrato.



Artículo 23.—O concesionario deberá dotar a seu persoal das prendas de traballo e protección adecuadas ao servicio a prestar.

CAPITULO IV
INSPECCIÓN E CONTROL. INFRACCIONS E SANCIONS.

Artículo 24.—Os servicios municipais exercerán as funcións de inspección e control da actividade obxecto deste Regulamento. No exercicio de sus funcións, os inspectores terán carácter de autoridade, debendo acreditar a sua identidade e en consecuencia poderán:

- a) Acceder libremente ás instalacions.
- b) Recabar información verbal ou escrita, respecto á actividade.
- c) Realizar comprobacions e cantas actuacions sexan precisas para o desenvolvemento da sua labor inspectora.
- d) Levantar actas cando aprecien indicios de infracción. Os feitos que figuren nas mesmas se presumirán certos, salvo proba en contrario.
- e) En situacions de resgo grave para a saúde pública poderán impartir instruccions ou adoptar medidas cautelares, dando conta inmediata ás Autoridades Municipais.

Artículo 25.—As infracciones que poidan cometerse no exercicio da actividad funeraria regulada neste Regulamento se calificarán como leves, graves e moi graves, atendendo aos criterios de resgo para a saude, alteración do servicio público, grado de intencionalidade e reincidencia.

Artículo 26.—Se consideran faltas leves:

- a) A falta de limpeza e condicions hixiénicas dos locais e instalacions e enseres propios do servizo sempre que pola sua escasa importancia non supoñan perigo para a saúde pública.
- b) Incumprimento leve das condicioneas pactadas cos usuarios.
- c) Falta de corrección leve cos usuarios o coa Inspección.

Artículo 28.—Se consideran faltas graves:

- a) Carencia dos medios personais necesarios para a correcta prestación dos servicios funerarios.
- b) Incumprimento grave das condicioneas pactadas cos usuarios.
- c) Negativa a prestar os servicios ofertados cando foran requeridas para elo.
- d) Falta de corrección grave cos usuarios ou a inspección.
- e) Falta de publicidade de prezos, e da existencia de follas de reclamacions.
- f) Carecer de follas de reclamacions ou negativa a facilitalas.
- g) Obstrucción á labor inspectora.
- h) Incumprimento reiterado dos requerimientos formulados polas Autoridades Municipais.
- i) Incumprimento das disposiciones administrativas ou sanitarias que racionalmente non merezan la calificación de moi grave.
- k) Falta de prendas protectoras do persoal que resulten esixibles.
- l) A reiteración de máis de dous faltas leves no último ano.

Artículo 28.—Se consideran faltas moi graves:

- a) Aplicación de prezos superiores aos comunicados oficialmente.
- b) Negativa absoluta a prestar colaboración á actividade inspectora.
- c) Incumprimento grave das disposiciones administrativas e órdenes sanitarias e xudiciais relativas á actividade.
- d) A cesión ou subcontratación do contrato sen previa autorización do Concello.
- e) A reiteración de dous faltas graves nos últimos tres meses o de máis de dous no último ano.

Artículo 29.

1.—As faltas leves serán sancionadas con apercibimento ou multa de ata 300,00 euros.

2.—As faltas graves con multa comprendida entre 300,01 e 1.500,00 euros.

3.—As faltas moi graves, con multas desde 1.500,01 a 3.000,00 euros e no seu caso, rescisión do contrato.

Artículo 32.—O procedemento sancionador se tramitará con arreglo ao réxime xurídico aplicable en xeral ao Concello de Bueu.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Se faculta ao Sr. Alcalde ou Concelleiro delegado para dictar cantas instruccions sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do presente Regulamento.

En Bueu a 15 de Outubro de 2.010.—O Alcalde, Félix Juncal Novas.

2010011771

* * *

A ESTRADA

A N U N C I O

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento correspondente ó exercicio 2009 e informada pola Comisión de Facenda e Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican nas oficinas da Intervención municipal durante quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, para que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que teñan conveniente durante o dito prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Estrada a 3 de novembro de 2010.—O Alcalde, José A. Dono López.

201011813

* * *

MARÍN

E D I C T O

Expte.: 97/10

Mediante acordo plenario de 10 de setembro de 2010, aprobouse inicialmente o Regulamento de funcionamiento dos locais municipais, que queda sometido a información pública polo prazo de TRINTA DÍAS hábiles, contados a partir do seguinte ó de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nas oficinas de Secretaría do Concello de Marín, prazo no que as persoas interesadas poderán formular alegacións que terán que presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Marín en horario de 8,00 a 14,30 horas os días hábiles agás o sábado que será de 9 a 13 horas. En caso de non presentarse alegacións se entenderá aprobado definitivamente.

Marín, 20 de setembro de 2010.—O Alcalde - Presidente, Francisco A. Veiga Soto.

2010010495

A N U N C I O

Aprobado por Resolución da Alcaldía do día quince de outubro de 2010 o Padrón do Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza rústica, correspondente o exercicio do 2010, estará a disposición do público no servicio de Xestión Tributaria deste Concello, durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidendo os interesados/as examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública do Padrón.